

JOSÉ RAFAEL PASCUAL-VILAPLANA

Director



Muro, 1971. Inicia os seus estudos musicais co bombardino e o piano na Escola de Música da U.M. de Muro, para continualos nos Conservatorios de Alcoi e de

Valencia. Estuda Dirección de Banda e de Orquesta cos mestres Jan Cober (Holanda), Eugene Corporon e James Croft (USA), Karl Österreicher, Hans Graf e Yuji Yuhasa (Austria) e Georges Pehlivanian (Eslovenia). Foi director convidado en distintas formacións sinfónicas en Alemaña, Arxentina, Bélxica, Colombia, Cuba, Eslovenia, España, Holanda, Inglaterra, Italia, Portugal, Rumanía e Suiza: Orquesta Sinfónica de Matanzas (Cuba), O.S. de Bucarest, O. de Cámara "Manuel de Falla" de Cádiz, O. Filarmónica de Eslovenia, O. S. de Castellón, O. Ciutat d'Elx, O.S. de Murcia, O.S. do CONSMUPA (Oviedo), Banda Nacional Xuvenil de Holanda, Banda Nacional de Cuba, Banda Municipal de Bos Aires, AULOS Wind Band de Suiza, Banda Sinfónica de Bairrada (Portugal), Banda Sinfónica Portuguesa de Oporto, Banda de MUSIKENE, Banda de CONSMUPA, Bandas Municipais de Alacante, Barcelona, Castellón, Madrid, Sta. Cruz de Tenerife, Palma de Mallorca, A Coruña, Pontevedra, Santiago de Compostela e Vitoria. Traballou como director titular das Bandas de Castell de Castells, O.M. de Yátova, O.M. Bocarent, A.M. Xixona, O.M. de Muro e S.M. "A Nova" de Xàtiva así como director invitado en diversas bandas da Comunidade Valencia, Cataluña, Castela A Mancha, Castela León, Canarias, Galicia, A Ríoxa, Aragón, Murcia ou Madrid.

Na actualidade é principal director da Orquesta Sinfónica de Albacete, principal director invitado da Orquesta CAMERA MUSICA E de Tarragona, director da OV FILHAR

MONIA, así como profesor de dirección de banda de JJMM da "Vall d'Albaida" e director artístico dos CORSI INTERNAZIONALI DEI PERFEZIONAMENTO MUSICALE do Istituto Musicale "G.A.Fano" de Spilimbergo (Italia). É compositor de diversas obras de cámara, sinfónicas, corales e música incidental para teatro, así como do musical Balansiyà estreado en Madrid en agosto de 2006. Gravou quince CD's de música de banda. Está en posesión da "Batuta do Mtro. Tomás Boufartigue" distinción outorgada na Habana en 1991. É gañador do Primeiro Premio nos Concursos Internacionais de Dirección do WMC de Kerkrade (Holanda, 1997) e da EBBA en Birmingham (Inglaterra, 2000). En 2004 é galardonado co Premio EUTERPE nas categorías de Dirección de Banda e de Composición de Música para a Festa outorgado pola Federación de S. Musicais da C. Valenciana. En 2010 recibe o Premio Nacional de Música "Ignacio Morales Nieva" do Festival de Música de Castela A Mancha.

IVÁN CARREIRA GONZÁLEZ

Trombón



Naceu en Abalo (Catoira) en 1981 e comezou os seus estudos de solfeo e trombón á idade de 12 anos con X. C. Seráns Olveira, pasando a formar parte da Banda de Música de Catoira. Na Escola de Música de Catoira recibe clases de trombón de Xóse Casal Sueiro e Carlos Figueira Abuín. Posteriormente estuda trombón no Conservatorio Profesional de Pontevedra, no Conservatorio Superior de Vigo e no Conservatorio Superior de Coruña, onde finalizou os seus estudos.

Realizou tamén cursos de perfeccionamento con Enrique Ferrando (Orquestra Nacional de España), Ricardo Casero (OCV do Palau de las Arts de Valencia), Indalecio Bonet (Lur Metalls), Joaquín Vicedo (Orquestra da RTVE), Rubén Prades (Conservatorio Superior de Música de Salamanca), Michel Becquet (Conservatorio Superior de Música de Lyon e solista internacional), Joel Vaisse (solista da Orquestra de París), Byron Fulcher (Philharmonia Orchestra e profesor da Royal College of Music), de pedagogía musical con Susa Herrera e dirección con José Rafael Pascual Vilaplana.

Formou parte da Orquestra Xoven da Sinfónica de Galicia e ten colaborado coa Orquestra Sinfónica de Galicia.

Como profesor impartiu clases en multitude de escolas de música e actualmente é profesor nas escolas de música de Vila de Cruces e Catoira.

Ten sido dirixido por mestres da talla Pietro Rizzo, E.García Asensio, Marcel V. Bree, James Ross, Pier Kuipers, Jan Cober, Michael Gilbert, Víctor Pablo Pérez, Javier Viceiro, Pablo Sanchez Torrella, Dario Sotelo, Alberto Zedda, Henry Adams e José Rafael Pascual Vilaplana, entre outros.

É tamén membro fundador do quinteto de metais M'ais Brass, e dende o 2007 forma parte da Banda Municipal da Coruña.

NOTAS AO PROGRAMA

A Banda Municipal de Música da Coruña ofrece hoxe un concerto baseado nas cores, nos distintos matices da luz que inspiraron diferentes obras bandísticas de destacados compositores contemporáneos.

Comezamos co mestre inglés afinado nas Baleares Derek Bourgeois (Kingston, 1941), doutor en música pola Universidade de Cambridge e unha das figuras máis importantes da creación inglesa actual con títulos tan emblemáticos como *Serenade*, *A Costwold Symphony* ou *Montañas de Mallorca*.

PROGRAMA

AS CORES DO VENTO

I

* WHITE DRAGON op. 127
D. Bourgeois

* COLORS
(concerto para trombón e banda)
B. Appermont

1. Yellow
2. Red
3. Blue
4. Green

Trombón solista: **Iván Carreira**

II

* THE COLORS OF TALI
T. Doss

* BLUE HORIZONS
F. Cesarini

1. Lluminescent creatures
2. Leviathan against kraken
3. The blue whale
4. Green

*Interpretada por primeira vez poa BMC

Nota: polo ben de todos prégame desconecten os móbiles durante o tempo do concerto. Grazas



Coa abertura **White Dragon** (1992) pechou unha colección de tres oberturas inspiradas no xogo chinés Mah--Jongg, unha especie de xadrez oriental no que interveñen tres dragóns: o dragón verde, o vermello e o branco. De feito escribe primeiro *Green Dragon* (1969) e *Red Dragon* (1975) ambas para orquesta.

No *Dragón Branco* reflexa toda a pureza do albino cor e do personaxe do xogo ao mesmo tempo.

Seguiremos con outra alegoría das cores, o concerto para trombón e banda denominado **Colors** (1998) do mestre belga Bert Appermont (Bilzen, 1973) un creador musical fundamental na actualidade bandística internacional.

As súas dúas sinfonías para banda, o seu musical *Zaad van Satan* e o seu numeroso catálogo de composicións bandísticas lévanlle a ser un dos autores máis interpretados do momento.

Colors foi creado para o trombonista belga Ben Haemhouts en 1998.

En cada un dos movementos do concerto, o autor pretende narrar musicalmente distintos caracteres atribuídos ás cores: o estimulante **amarelo**, a paixón do **vermello**, a melancolía do **azul** e a esperanza da cor **verde**.

Nesta ocasión será o profesor da Banda Municipal da Coruña, *Iván Carreira* quen actúe como solista.

Seguimos cunha obra do mestre austríaco Thomas Doss (Linz, 1966), actual profesor de Dirección de Orquesta da Universidade de Viena e autor dun numeroso catálogo de composicións para banda e orquesta.

A súa obra **The Colors of Tali** (2008) nármanos as peripecias de Tali, unha moza israelita de trece anos, metida de cheo no conflito israelito--palestino, quen escribe un poema coas súas palabras sinceras e ausentes de fanatismos, que narran a crudeza da realidade que a envolve. Unha realidade que non comprende e que plasma con diferentes cores na súa poesía, cores cálidas e frías, luminosas, vermellas de sangue, negras de dor...

Pero decote está o laranxa que nos achega á ledicia de vivir, o azul que describe un ceo limpo ou o rosa que nos mostra a calma.

Finalizaremos o concerto cunha obra do mes

tre suízo Franco Cesarini (Bellinzona, 1961) actual profesor do Conservatorio de Lugano e director titular da Banda Cívica Filharmónica desta cidade suíza.

A música do mestre Cesarini destaca por unha factura artesanal testemuña do seu oficio creativo e do seu talento artístico.

Con **Blue Horizons** (2002) achéganos ao mar e ás súas criaturas. Dividida en tres partes, a partitura baséase nun *leitmotiv* que desenvolve diversas variacións para mostrar nun principio o mundo das profundidades mariñas, despois o conflito entre dous dos gigantes mariños: o cachalote e o calamar xigante, e finalmente, a descrición sonora da Gran Ballena Azul, considerada o ser vivo máis grande que habita a Terra. Todo iso baixo a cor azul e o sentido da tristeza, os significados da palabra *blue* en inglés.

A Banda de Música preséntasenos como un tesouro cheo de cores tímbricos que nos achegan á súa identidade e ao seu inmenso poder expresivo.

José R. Pascual-Vilaplana

TEMPADA 2013-2014

PALACIO DA ÓPERA

Ciclo Inverno-Primavera

Febreiro 2014

Domingo 2 - 12.15 h.

Domingo 23 - 12.15 h.

Marzo 2014

Domingo 2 - 12.15 h.

Domingo 16 - 12.15 h.

Domingo 30 - 12.15 h.

Abril 2014

Domingo 13 - 12.15 h.

Domingo 27 - 12.15 h.

PALACIO DA ÓPERA


2 DE FEBREIRO - 12.15 H.

DIRECTOR CONVIDADO:

J. RAFAEL PASCUAL-VILAPLANA

**TEMPADA
2013/2014**

Se desexan ser informados das nosas actividades mediante correo electrónico, poden solicitalo en banda@aytolacoruna.es



**BANDA
MUNICIPAL DE
MÚSICA
DA CORUÑA**



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña